

Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO	
Documento CONZI0CP	Expediente CON/61/2014



ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Adquisición de catro vehículos monovolume e un todo terreo para a Policía Local mediante renting con opción de compra.

TIPO DE LICITACIÓN: 219.152,33 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela en Urbanismo, 26 de marzo de 2015 , ás 9:10 Horas.

ASISTENTES: Presidente: D./Dª Alejandro Sánchez-Brunete

Vocais: D./Dª. Manuel Martínez representante do grupo PP.
 D./Dª. Bernardino Ramá, representante do grupo PSOE.
 D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
 D. José Rey Camino, encargado del Parque Mobil
 Dª Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
 D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REGISTRO	NOME DO LICITADOR
1	09/03/2015	10626	NOYAMOVIL SL
2	11/03/2015	11076	AUTOS IGLESIAS SL(*)
3	12/03/2015	11291	ANDACAR (*)

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	Lote	TIPO DE VEHÍCULO	IMPORTE MÁXIMO POR UNIDADE (sen IVE) (48 meses)
1	NOYAMOVIL SL	I	CITROEN C4 PICASSO INTENSIVE Blue HDI 150 S&S EAT6	41.520,00 €
		II	SSANYONG REXTON 2.0XDI LIMITED MANUAL	48.240,00 €
2	AUTOS IGLESIAS SL	I	FORD C-MAX TITANIUM 2.0 TDCI Powershift 140CV	40.416,00 €
		II	TOYOTA LAND CRUISER 190 CV	45.600,00 €
3	ANDACAR	I	PEUGEOT 3008 ALLURE 2.0 HDI 160 CV AUTOMÁTICO 5 PUERTAS	42.096,00 €
		II	SSANYONG REXTON 200 e-xdi 4x4 limited 5 puertas	49.872,00 €

A mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios avaliados mediante cifras.

Ás 9:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0CP	<i>Expediente</i> CON/61/2014	



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Adquisición de catro vehículos monovolume e un todo terreo para a Policía Local mediante renting con opción de compra.

TIPO DE LICITACIÓN: 219.152,33 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, R/ Pte. Salvador Allende, 6-8, 13 de abril de 2015 ás 9:20 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dª María Antón Vilasánchez
Vocais: D. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. José Rey Camino, encargado del parque móvil
Dª. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, director da asesoría xurídica municipal.
Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adjudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, resulta ser a oferta máis vantaxosa das presentadas para cada un dos lotes, é o licitador AUTOS IGLESIAS SL.

De conformidade cos termos dese informe a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao concelleiro delegado de contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador AUTOS IGLESIAS, S.L., que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de:

LOTE I.- FORD C-MAX TITANIUM 2.0 TDCI Powershift 140 CV, importe: 40.416,00 euros/ unidade IVE aparte.

LOTE II.- TOYOTA LAND CRUISER 1902 CV, importe: 45.600,00 euros IVE aparte,


para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9.25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 1
Subministro veh. Renting

INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN SUMINISTRO CATRO VEHÍCULOS MONOVOLUMEN E UN TODO TERREO PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING CON OPCIÓN DE COMPRA.

LOTE I

Para o concurso de “SUBMINISTRO DE CATRO VEHÍCULOS MONOVOLUMEN PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING CON OPCIÓN DE COMPRA” presentáronse tres empresas cas seguintes proposicións para o lote I.

AUTOS IGLESIAS, S.L., que oferta os vehículos FORD C-MAX TITANIUM 2.0 TDCI Powershift 140 CV.


ANDACAR 2000, S.A., que ofertas os vehículos PEUGEOT 3008 ALLURE 2.0 HDI 160 CV.

NOYAMÓVIL, S.L., que oferta os vehículos CITROËN C4 PICASO INTENSIVE Blue HDI 150 S&S EAT6.

Segundo os criterios de adxudicación, o criterio 1) Expón a valoración económica ata un máximo de 30 puntos, desglosada en: 27 puntos para a oferta máis económica, 1,5 puntos para a oferta máis favorable polos quilómetros non consumidos e 1,5 puntos a oferta máis favorable polos quilómetros por exceso respecto aos estimados. Aplicando as fórmulas do presente prego resulta a seguinte táboa:

1. VALORACIÓN ECONÓMICA

	PREGO	A. IGLESIAS	ANDACAR 2000	NOYAMÓVIL
OFERTA	42.128,13	40.416,00	42.096,00	41.520,00
BAIXA	Euros	1.712,13	32,13	608,13
PUNTOS	27,00	27,00	25,92	26,28
P. *DEFECTO	0,03609	0,055	0,040	0,045
PUNTOS	1,50	1,5	0,31	0,71
P. *EXCESO	0,05546	0,036	0,040	0,050
PUNTOS	1,50	1,5	1,35	1,08
TOTAL	30,00	30,00	27,58	28,07



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 2
Subministro veh. Renting

- Para cálculo económico aplícase a seguinte fórmula: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$ establecida no correspondente Prego
- Para a puntuación dos quilómetros non consumidos aplícase a fórmula: $P_n = P_m \times (O_n - P_l) / (O_a - P_l)$
- Para a puntuación dos quilómetros por exceso respecto aos etimados aplícase a fórmula: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$

No criterio 2) Maiores prestacións mecánicas, ata un máximo de 10 puntos resulta o seguinte:


2. PRESTACIÓNS MECÁNICAS

	PREGO	A. IGLESIAS	ANDACAR 2000	NOYAMÓVIL
	MODELO	FORD C-MAX TITANIUM 2.0 TDCI Powershift 140 CV	PEUGEOT 3008 ALLURE 2.0 HDI 160 CV	CITROËN C4 PICASSO INTENSIVE Blue HDI 150 S&S EAT6
CILINDRADA PUNTOS	≥ 1.900 cc 1,00	2.000 1,00	1.997 0,99	1.997 0,99
POTENCIA PUNTOS	2,00	140 1,71	163 2,00	150 1,84
VDAD. MÁXIMA PUNTOS	1,00	201 0,97	190 0,91	207 1,00
ACELERACIÓN PUNTOS	2,00	9,6 2,00	10,2 1,88	10,1 1,90
CONSUMO *CONSUMO POND. PUNTOS	4,00	6,1-4,2 4,90 3,51	8,0-5,0 6,10 3,21	5,0-3,9 4,30 4,00
TOTAL	10,00	9,19	8,99	9,73

(*) Para o cálculo do consumo ponderado, pártese do seguinte:

Ciclo urbano: O test de ciclo urbano lévase a cabo en laboratorio baixo unas condicións de temperatura controladas (entre 20°C e 30°C) e nunha superficie rodante partindo co motor en frío. O ciclo consiste nunha serie de aceleracións, tramos de velocidade constante, deceleracións e esperas. A velocidade máxima é de 50 km/h, e a velocidade media de 19 km/h, e a distancia percorrida é de 4 km.

Ciclo extra urbano: Prodúcese inmediatamente despois do ciclo urbano e consiste de novo en aceleracións, velocidades constantes, deceleracións e tempos de espera nos que a velocidade máxima é de 120 km/h, a media é de 63 km/h e a distancia percorrida de 7 km..



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 3
Subministro veh. Renting

Consumo medio ou combinado: Cálculase facendo a media dos consumos anteriores ponderada con respecto ó número de quilómetros percorridos.

Por exemplo: si unha proba da un consumo de 8 ltros./100 kms. en percorrido urbán e 6 ltros./ 100 kms en percorrido extra urbano, a media será: $(8*4 + 6*7) / (4 + 7) = 6,73$ ltros./100 km.

No criterio 3) Outras melloras, ata un máximo de 3 puntos resulta o seguinte:


3. OUTRAS MELLORAS

	PREGO	A. IGLESIAS	ANDACAR 2000	NOYAMÓVIL
Sistema Bluetooth PUNTOS	1,00	si 1,00	si 1,00	si 1,00
Navegador PUNTOS	1,00	si 1,00	si 1,00	si 1,00
Veh. sustitución	1,00	si 1,00	no 0,00	no 0,00
TOTAL	3,00	3,00	2,00	2,00

No criterio 4) Reducción do prazo de entrega, ata un máximo de 2 puntos resulta o seguinte:

4. PRAZO DE ENTREGA

	PREGO	A. IGLESIAS	ANDACAR 2000	NOYAMÓVIL
REDUCCIÓN: 15 DIAS PUNTOS	0,50			
1 MES PUNTOS	1,00			1 mes 1,00
1,50 MESES PUNTOS	1,50			
2 MESES PUNTOS	2,00	2 meses 2,00	2 meses 2,00	
TOTAL	2,00	2,00	2,00	1,00



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 4
Subministro veh. Renting

RESUME.- Tendo en consideración o anteriormente exposto, resulta o seguinte


RESUME

	PREGO	A. IGLESIAS	ANDACAR 2000	NOYAMÓVIL
1. ECONÓMICA	30,00	30,00	27,58	28,07
2. PRESTACIÓNS	10,00	9,19	8,99	9,73
3. MELLORAS	3,00	3,00	2,00	2,00
4. PRAZO ENTREGA	2,00	2,00	2,00	1,00
TOTAL	45,00	44,19	40,57	40,80

A vista de todo o anterior, o técnico que suscribe, proponen que os vehículos eleixidos sexan os modelos FORD C-MAX TITANIUM 2.0 TDCI Powershift 140 CV., ofertados pola empresa AUTOS IGLESIAS, S.L., cun prezo de 40.416,00 euros unidade, máis ive e dotados de tódolos equipamentos relacionados na oferta sen custo adicional algún.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2015

Asdo.: José Rey Camino



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 1
Subministro veh. Renting

INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN SUMINISTRO CATRO VEHÍCULOS MONOVOLUMEN E UN TODO TERREO PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING CON OPCIÓN DE COMPRA.

LOTE II

Para o concurso de “SUBMINISTRO DE UN VEHÍCULO TODO TERREO PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE RENTING CON OPCIÓN DE COMPRA” presentáronse tres empresas cas seguintes proposicións para o lote II.

AUTOS IGLESIAS, S.L., que oferta os vehículo TOYOTA LAND CRUISER 190 CV.


ANDACAR 2000, S.A., que ofertas os vehículo SSANYONG REXTON 200 E-XDI 4X4 LIMITED 5.

NOYAMÓVIL, S.L., que oferta os vehículo SSANYONG REXTON 2.0XDi LIMITED MANUAL.

Segundo os criterios de adxudicación, o criterio 1) Expón a valoración económica ata un máximo de 30 puntos, desglosada en: 27 puntos para a oferta máis económica, 1,5 puntos para a oferta máis favorable polos quilómetros non consumidos e 1,5 puntos a oferta máis favorable polos quilómetros por exceso respecto aos estimados. Aplicando as fórmulas do presente prego resulta a seguinte táboa:

1. VALORACIÓN ECONÓMICA

	PREGO	A. IGLESIAS	ANDACAR 2000	NOYAMÓVIL
OFERTA	50.639,80	45.600,00	49.872,00	48.240,00
BAIXA	Euros	5.039,13	767,80	608,13
PUNTOS	27,00	27,00	24,69	25,52
P. *DEFECTO	0,059	0,080	0,060	0,065
PUNTOS	1,50	1,5	0,071	0,43
P. *EXCESO	0,107	0,030	0,070	0,095
PUNTOS	1,50	1,5	0,64	0,47
TOTAL	30,00	30,00	25,40	26,42



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 2
Subministro veh. Renting

- Para cálculo económico aplícase a seguinte fórmula: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$ establecida no correspondente Prego
- Para a puntuación dos quilómetros non consumidos aplícase a fórmula: $P_n = P_m \times (O_n - P_l) / (O_a - P_l)$
- Para a puntuación dos quilómetros por exceso respecto aos estimados aplícase a fórmula: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$

No criterio 2) Maiores prestacións mecánicas, ata un máximo de 10 puntos resulta o seguinte:


2. PRESTACIÓNS MECÁNICAS

	PREGO	A. IGLESIAS	ANDACAR 2000	NOYAMÓVIL
	MODELO	TOYOTA LAND CRUISER 190 CV	SS.ANYONG REXTON 200 E-XDI 4X4 LIMITED 5	SS.ANYONG REXTON 2.0XDi LIMITED MANUAL
CILINDRADA PUNTOS	1,00	3.000 1,00	1.998 0,66	1.998 0,66
POTENCIA PUNTOS	≥150 C.V. 2,00	190 2,00	155 1,63	155 1,63
VDAD. MÁXIMA PUNTOS	1,00	175 0,96	181 1,00	181 1,00
ACELERACIÓN PUNTOS	2,00	12,4 2,00	- 0,00	- 0,00
CONSUMO CONSUMO POND. PUNTOS	4,00	9,8-7,3 8,21 3,62	9,4-6,3 7,43 4,00	9,4-6,3 7,43 4,00
TOTAL	10,00	9,58	7,29	7,29

(*)Para o cálculo do consumo ponderado, pártese do seguinte:

Ciclo urbano: O test de ciclo urbano lévase a cabo en laboratorio baixo unas condicións de temperatura controladas (entre 20°C e 30°C) e nunha superficie rodante partindo co motor en frío. O ciclo consiste nunha serie de aceleracións, tramos de velocidade constante, deceleracións e esperas. A velocidade máxima é de 50 km/h, e a velocidade media de 19 km/h, e a distancia percorrida é de 4 km.

Ciclo extra urbano: Prodúcese inmediatamente despois do ciclo urbano e consiste de novo en aceleracións, velocidades constantes, deceleracións e tempos de espera nos que a velocidade máxima é de 120 km/h, a media é de 63 km/h e a distancia percorrida de 7 km.



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 3
Subministro veh. Renting

Consumo medio ou combinado: Cálculase facendo a media dos consumos anteriores ponderada con respecto ó número de quilómetros percorridos.

Por exemplo: si unha proba da un consumo de 8 ltros./100 kms. en percorrido urbán e 6 ltros./ 100 kms en percorrido extra urbano, a media será: $(8*4 + 6*7) / (4 + 7) = 6,73$ ltros./100 km.

No criterio 3) Outras melloras, ata un máximo de 3 puntos resulta o seguinte:


3. OUTRAS MELLORAS

	PREGO	A. IGLESIAS	ANDACAR 2000	NOYAMÓVIL
Sistema Bluetooth PUNTOS	1,00	si 1,00	si 1,00	si 1,00
Navegador PUNTOS	1,00	si 1,00	si 1,00	si 1,00
Veh. substitución	1,00	si 1,00	no 0,00	no 0,00
TOTAL	3,00	3,00	2,00	2,00

No criterio 4) Reducción do prazo de entrega, ata un máximo de 2 puntos resulta o seguinte:

4. PRAZO DE ENTREGA

	PREGO	A. IGLESIAS	ANDACAR 2000	NOYAMÓVIL
<u>REDUCCIÓN:</u> 15 DIAS PUNTOS	0,50			
1 MES PUNTOS	1,00			1 mes 1,00
1,50 MESES PUNTOS	1,50			
2 MESES PUNTOS	2,00	2 meses 2,00	2 meses 2,00	
TOTAL	2,00	2,00	2,00	1,00



CONCELLO DE SANTIAGO

Parque Móbil/doc. 4
Subministro veh. Renting

RESUME.- Tendo en consideración o anteriormente exposto, resulta o seguinte

RESUME

	PREGO	A. IGLESIAS	ANDACAR 2000	NOYAMÓVIL
1. ECONÓMICA	30,00	30,00	25,40	26,42
2. PRESTACIÓNS	10,00	9,58	7,29	7,29
3. MELLORAS	3,00	3,00	2,00	2,00
4. PRAZO ENTREGA	2,00	2,00	2,00	1,00
TOTAL	45,00	44,58	36,69	36,71

A vista de todo o anterior, o técnico que suscribe, proponen que o vehículo elexido sexa o modelo TOYOTA LAND CRUISER 190 CV, ofertados pola empresa AUTOS IGLESIAS, S.L., cun prezo de 45.600,00 euros, máis ive e dotado de tódolos equipamentos relacionados na oferta sen custo adicional algún.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2015

Asdo.: José Rey Camino

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZIOCP	<i>Expediente</i> CON/61/2014	



ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Adquisición de catro vehículos monovolume e un todo terreo para a Policía Local mediante renting con opción de compra.

TIPO DE LICITACIÓN: 219.152,33 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, R/ Pte. Salvador Allende, 6-8, 27 de abril de 2015 ás 10:20 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Alejandro Sánchez-Brunete

Vocais: D. Manuel Martínez representante do grupo PP.
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
Dª Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **AUTOS IGLESIAS, S.L.**, tanto para o **LOTE I.- FORD C-MAX TITANIUM 2.0 TDCI Powershift 140 CV**, como para o **LOTE II.- TOYOTA LAND CRUISER 1902 CV**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

As 10:25 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0CP	<i>Expediente</i> CON/61/2014	



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Adquisición de catro vehículos monovolume e un todo terreo para a Policía Local mediante renting con opción de compra.

TIPO DE LICITACIÓN: 219.152,33 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Pte. Salvador Allende, 6-8, 4 de maio de 2015 ás 9:15 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Alejandro Sánchez-Brunete

Vocais: D. Manuel Martínez representante do grupo PP.
D. Gonzalo Muñíos, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. José Rey Camino, encargado del parque móvil
Dna. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Convócase esta reunión da mesa para poñer de manifesto ós membros da mesma unha cuestión que se suscitou no momento da redacción do informe proposta á xunta de goberno de adxudicación desta licitación.

Este informe proposta debe incluír o custe total do contrato, reanualizando as cantidades a comprometer nos correspondentes exercicios orzamentarios en función das condicións económicas definitivas incluídas na oferta do licitador proposto como adxudicatario.

Pois ben, no momento de realizar este cálculo, surxe unha dúbida na interpretación destas condicións económicas ofertadas, xa que as propostas da integridade das empresas inclúen 48 cuotas iguais e unha referencia cuantificada a opción de compra dos vehículos. Sendo que o prego deixaba clara que a última cuota debe ser a da opción de compra a precio de adquisición, de aceptarse que ten carácter independente e engadirse a maiores á cantidade ofertada como importe máximo por unidade, superaría o tipo de licitación previsto.

Entendendo os membros da mesa que efectivamente esta cuestión interpretativa de aspectos concretos do prego, que parece puido levar a unha confusión ós licitadores en relación ós usos mercantiles do sector, afecta de xeito decisivo ó resultado desta licitación, acordan solicitar as empresas licitadoras que aclaren as condicións económicas definitivas das súas ofertas, sinalando expresamente si a cantidade a abonar como opción de compra atópase integrada no importe máximo por unidade recollido nas súas ofertas, ou ten carácter independente, e se trataría polo tanto dunha cantidade a abonar a maiores sobre este importe máximo no caso de querer facer efectiva a opción de compra no momento da finalización do contrato.

Ás 9:28- horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA



O/A SECRETARIO/A DA MESA

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 64.- SPELO		
<i>Documento</i> CONZI0CP	<i>Expediente</i> CON/61/2014	



ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Adquisición de catro vehículos monovolume e un todo terreo para a Policía Local mediante renting con opción de compra.

TIPO DE LICITACIÓN: 219.152,33 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Pte. Salvador Allende, 6-8, 26 de maio de 2015 ás 10:28 Horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Alejandro Sánchez-Brunete

Vocais: D. Manuel Martínez Varela, representante do grupo PP.
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. José Rey Camino, encargado del parque móvil
Dna. Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Logo de solicitar ás empresas licitadoras aclaración sobre as súas condicións económicas definitivas, para o que debían sinalar expresamente si a cantidade a abonar como opción de compra atópase integrada no importe máximo por unidade recollido nas súas ofertas, ou ten carácter independente, e se trataría polo tanto dunha cantidade a abonar a maiores sobre este importe máximo no caso de querer facer efectiva a opción de compra no momento da finalización do contrato, recíbense aclaracións das empresas Autos Iglesias e Andacar, non respostando Noyamóvil SL..

Pois ben, analizada a documentación presentada, resulta que as dúas empresas afirman claramente que a cantidade a abonar como opción de compra é unha cantidade a maiores sobre o importe máximo por unidade ofertado.

Polo tanto, entende a mesa, como xa se sinalou na anterior reunión, que esta circunstancia supón un insubsanable incumprimento do prego de aplicación, que deixaba claro que unicamente poderían incluírse corenta e oito cuotas, sendo a última delas a da opción de compra a precio de adquisición, o que deriva en que todas as ofertas presentadas superan a cantidade máxima prevista como tipo de licitación.

En consecuencia, a mesa de contratación acorda deixar deserta esta licitación, deixando tamén sen efecto a anterior proposta desta mesa de 13 de abril pasado.

Ás 10:35- horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA

